



# CONCELLO DE AGOLADA

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS CONDUCTORES DE MAQUINARIA FORESTAL COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, AO ABEIRO DA ORDE DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2024**

**(CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351G).**

## **PRIMEIRA. Normas xerais.**

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en aplicación da *Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural)* e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).

## **Nº postos e características :**

### **2 PEONS CONDUCTORES MAQUINARIA FORESTAL**

**Grupo de cotización 9 Tipo de contrato Temporal (Interese Social)**

**Meses 9 Xornada 100% Ocupación D**

**Importe axuda 32.215,58 €**

Importe total da axuda 32.215,58 €

**Servizo: “SERVIZOS DE CONSERVACIÓN DO MEDIO FORESTAL E PREVENCIÓN DE RISCOS PARA O MEDIOAMBIENTE”,**

**Duración contratación: 9 meses.**

A selección dos traballadores será mediante a presentación previa das ofertas de emprego correspondentes, unha por cada categoría, no Servizo Público de Emprego e da lista de preseleccionados polo SPEG se realizará unha escolma e prelación polo sistema de concurso.





# CONCELLO DE AGOLADA

## SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral, coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15.1 da *Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural)* e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).

O carácter do contrato é por tanto temporal para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detallase seguidamente:

Retribucións mensuais peóns conductores maquinaria forestal segundo solicitude e resolución-ano 2024: 1.323,00 € brutos/ mes. Incluída a prorrata da paga extra

Ámbito de actuación: No termo municipal do Concello de Agolada.  
Horario.- De luns a venres.

## TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

### Requisitos xerais:

- a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea. Emigrante retornado ou extranxeiro con autorización ou permiso de residencia e traballo en España

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse





# CONCELLO DE AGOLADA

inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación conlevará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Requisitos específicos peóns conductores de maquinaria forestal:

- Ter carnet de conducir do tipo b

-Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego.

## **CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.**

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).para o exercicio do ano 2024, polo que se formularán ofertas de emprego ante o Servizo Público de Emprego.

Non se atenderá á presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista de preselección remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación ás correspondentes ofertas.

As bases íntegras, a convocatoria e os sucesivos trámites publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web ([www.agolada.es](http://www.agolada.es)).

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego para a súa presentación no Concello de Agolada, a seguinte documentación, documento de identificación persoal, tarxeta sanitaria, e





# CONCELLO DE AGOLADA

declaración responsable segundo o anexo I, acompañando orixinais ou fotocopias cotexadas.

## **QUINTA. Admisión de aspirantes**

Despois da presentación dos candidatos incluídos nas listas remitidas pola Oficina pública de emprego, a alcaldía ditará unha resolución, na que se declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web, de ser necesario, indicárase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda de ser necesaria, a alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, na que se sinalará a data e hora na que se constituirá o tribunal indicando así mesmo o lugar de celebración das probas de selección.

\*No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

## **SEXTA. Tribunal cualificador**

O tribunal cualificador estará constituído por un presidente, un secretario e tres vogais que se designarán mediante nomeamento oficial no seu día e do que se dará conta a través da publicación da súa composición no momento da convocatoria dos aspirantes ao proceso de selección.

Para a válida constitución do tribunal deberán asistir o presidente e secretari@ e un dos vogais. Se nomea suplente indiferente do presidente ou secretario a cada un dos vogais citados, que en ausencia dos citados, presidente ou secretario, actuaran como tales na orde de prelación establecida 1º vogal, 2º vogal e 3º vogal.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores,





# CONCELLO DE AGOLADA

actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

## **SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso**

Tendo en conta as especiais características dos postos e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo á puntuación obtida prelacionandoos de maior a menor puntuación.

Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 14.5 Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G), da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, “Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras”. Se valorará neste apartado e terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

### **VALORACIONES:**

**1.- Atendendo aos criterios do artigo 14.5 da Orde do 26 de decembro de 2023** pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G), valoraranse ate un máximo de 2 puntos a suma dos seguintes aspectos:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. 1 Punto
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. 1 Punto
- c) Persoas paradas de longa duración. 1 Punto
- d) Persoas con discapacidade. 1 Punto
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. A non percepción de rendas. 1 Punto





# CONCELLO DE AGOLADA

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. 1 Punto

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. 1 Punto

h) Emigrante retornado ou extranxeiro con autorización ou permiso de residencia e traballo en España. 1 Punto

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

## **2.- Proba 2 práctica:**

Realizarase unha proba práctica que permita relacionar os coñecementos prácticos sobre o uso de ferramentas e maquinarias, propias do servizo de traballos forestais, entre outros poderase efectuar unha proba de uso de ferramenta mecánica tales como podadoras, motoserras, desbrozadoras de man e similares así como o uso e coñecemento de ferramentas manuais, podadora, tixeira de poda, azada etc e poderase efectuar proba de conducción e manexo de maquinaria a motor...

A puntuación neste apartado será como máximo de 8 puntos. Unha cualificación inferior a 4 puntos nesta proba suporá a calificación de Non Apto e a exclusión do candidato do proceso de selección.

Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados ao abeiro desta convocatoria (Art. 14.2 da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G

O resultado final de cada proceso será o resultante da suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, de







# CONCELLO DE AGOLADA

persistir o empate este resolverase por sorteo.

## **OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento.**

Unha vez recibidas as listas de candidatos e para proceder á cualificación e valoración das candidaturas dos aspirantes, do punto 1 do apartado sétimo, e o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo incluíndo a data de realización das probas mediante publicación na web municipal [www.agolada.es](http://www.agolada.es) e no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada. Para esta fase non se establece prazo de alegacións toda vez que a/s lista/s será/n remitida/s previa sondaxe de candidatos aptos polo SPEG.

Na data sinalada no decreto de convocatoria de probas e tribunal, se efectuarán todas as probas e valoracións indicadas incluídas a proba 2 proba práctica, e se asinará a acta de selección indicando a puntuación provisional acadada, por orde decrecente, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.agolada.es](http://www.agolada.es).

Os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas, quedando os demais candidatos en listaxes de agarda ordeadas segundo as puntuacións obtidas que estarán vixentes ate o remate das contratación e se empregarán para dar cobertura a posibles baixas temporais do persoal contratado.

Os aspirantes propostos chegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

## **NOVENA. Incidencias**

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación





# CONCELLO DE AGOLADA

cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web ([www.agolada.es](http://www.agolada.es)), ante o alcalde do Concello de Agolada, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web ([www.agolada.es](http://www.agolada.es)), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.







# CONCELLO DE AGOLADA

## ANEXO I - DECLARACIÓN RESPONSABLE

### AO SR ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA

D. \_\_\_\_\_ CO DOCUMENTO\* \_\_\_\_\_

\*(APORTARÁ O DOCUMENTO NO MOMENTO DA PRESENTACIÓN)

Domicilio a efectos de notificacións en.

Dirección postal
------------------

Mail

--

Teléfonos de contacto

--

--

Valoración máxima 2 puntos.

(1 punto por cada requisito que se cumpra ata un máximo de 2)

### **DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE A DATA ACTUAL:**

**Estou na seguinte situación e/ou cumpro os seguintes requisitos. Sinalar con "X"**

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. A non percepción de rendas.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.





# CONCELLO DE AGOLADA

- h) Emigrante retornado ou extranxeiro con autorización ou permiso de residencia e traballo en España

**Nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.**

## DOCUMENTACIÓN A APORTAR

- DNI/NIF/NIE ou SIMILAR
- TARXETA SANITARIA
- CARNET B (CONDUCTORES)

\*Quedo informado de que en caso de requerimento me comprometo a presentar acreditación documental da veracidade dos datos manifestados. Non atender dito requerimento no prazo que se indique na comunicación ou de verificarse a non existencia e coincidencia dos mesmos, conllevará a exclusión do candidato do proceso de selección e se dará continuidade ao mesmo.

**Para que conste e declarando a veracidade de todo canto cito, asino a presente declaración en**

**Agolada a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.**

**Asdo:-**

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE AGOLADA, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE AGOLADA, con domicilio social na R/ Praza do concello nº1.- 36520.- AGOLADA.- PONTEVEDRA. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE AGOLADA, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

